

Misión directa

FEIRA TECNOLÓXICA HANNOVER MESSE 2021

12 - 16 abril 2021
Hannover | Alemania



HANNOVER
MESSE

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

MISIÓN DIRECTA HANNOVER MESSE 2021

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), no programa de misións tecnolóxicas, está a organizar unha acción **entre os días 12 e 16 de abril de 2021**, coa visita a feira **Hannover Messe**.

A finalidade da misión é poder coñecer as primicias presentadas a nivel internacional no sector de dixitalización da industria alimentaria. Os asistentes poderán ver innovacións, visións tecnolóxicas e solucións na mellora e eficacia do uso dos recursos, ligadas ao paradigma da industria 4.0, considerando que a Hannover Messe é a principal feira tecnolóxica do sector industrial a nivel mundial.

O interese da asistencia a esta feira débese ao claro enfoque tecnolóxico, ao amplo rango de tecnoloxías avanzadas aplicables á industria de alimentación e bebidas, á importancia das empresas que participan no evento e á posibilidade de establecer relacións e contactos con diversos axentes e para coñecer as últimas tendencias e innovacións.



MISIÓN DIRECTA HANNOVER MESSE 2021

Hannover Messe é a feira de industria 4.0 máis importante a nivel mundial. Celébrase anualmente no recinto feiral da cidade, dende hai 71 anos e é o principal punto de encontro para coñecer as innovacións en todas as áreas da tecnoloxía industrial.

A edición 2021 ten como tema principal a transformación industrial: a dixitalización, a individualización ou personalización e a descarbonización e protección do medioambiente son os principais impulsores do cambio industrial que se está a desenvolver.

Na Hannover Messe, os visitantes das industrias manufactureiras poderán coñecer as innovacións e visións tecnolóxicas que están a facilitar a transformación industrial 4.0. Paralelamente, esta feira ofrece a posibilidade de asistir a distintos foros e *workshops* e participar nos puntos de encontro.

Na pasada edición de 2019 contou coa participación de máis de 215.000 visitantes e 6.500 empresas expositoras. De estes expositores máis do 60% proceden do estranxeiro contando con ata 78 nacionalidades diferentes.

Condicións de participación

A misión directa do Clusaga inclúe o apoio a xestión (viaxe, aloxamento e entradas), elaboración da axenda conxunta con actividades adicionais e o apoio aos custos de viaxe e aloxamento. Débese estar adscrito a un apoio na liña IG208 del IGAPE no ano 2020.

Máis información

Para máis información, contactar no email info@clusaga.org ou no teléfono 981 556 062.

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN